

Campaña “Xoguetes para educar”

**Cruz Vermella en Boiro sensibilizará, a través de xogos tradicionais, a menores e familias sobre a importancia que teñen os xoguetes no proceso de aprendizaxe e desenvolvemento evolutivo**

■ O sábado 28 de xaneiro desenvolveranse, de 17:00 a 20:00h., no pavillón “Praia Xardín” de Boiro xogos tradicionais dirixidos a nenos e nenas de 6 a 14 anos.

A Declaración Universal dos Dereitos da Infancia (20 de novembro de 1959) recoñece o xogo como un dereito fundamental, posto que xogar posibilita situacións óptimas que inflúen no crecemento sá e no desenvolvemento dos nenos e nenas.

O xogo convértese, desde a infancia nunha ferramenta para:

- Descubrir, manipular, observar e interpretar o mundo que nos rodea.
- Aprender a relacionarnos e comunicarnos cos e cas demais.

O xogo é unha ferramenta de experimentación universal que facilita o desenvolvemento individual e social da persoa menor.

A través do xoguete podemos estimular a imaxinación, a creatividade, o movemento, a linguaxe e a memoria da persoa menor, atendendo ás súas necesidades, idade e inquietudes. Deste xeito, o xogo converte ao neno ou nena en protagonista, potenciando calquera aspecto positivo da súa persoalidade: motivándolle a superarse ou a expresar os seus sentimentos, despertando a súa curiosidade ou a súa capacidade de rir e imaxinar, proporcionándolle aprendizaxe e experiencias decisivas para o seu crecemento sá e a súa formación como persoa.

Por todo isto, á hora de elixir un xoguete debemos ter presente:

- a idade e as inquietudes da persoa menor.
- que potencie a súa imaxinación, creatividade e a relación con outras persoas.
- que reflexe valores sociais non sexistas, e non bélicos, entre outros.
- que sexa seguro.

Tendo presente a realidade en cuestión, Cruz Vermella Xuventude, sección xuvenil de Cruz Vermella Española, desarrolla no seu programa Intervención e Inclusión Social o proxecto Xoguetes para Educar, que persigue sensibilizar a menores, nais e país, e á poboación xeral, acerca do valor educativo do xogo ao longo de toda a vida.

Para mais información ou entrevistas contactar coa Asemblea de Cruz Vermella en Boiro  
no 981 844 804 (Teresa Romero Lojo)  
[www.cruzvermella.org](http://www.cruzvermella.org) [www.cruzroja.es](http://www.cruzroja.es)  
Colabora connosco: 902 222 292. Faite socio / voluntario